



Federación de Asociaciones
para la Defensa
de la Sanidad Pública



A Privatización ilexítima do Servicio Galego de saúde

O goberno de Feijóo está aproveitando a crise para xustificar a diminución do gasto sanitario público, a base de recortes e copagos, pero o gasto en privatizacións non fai máis que aumentar. Orzamento SERGAS 2010: 3633 M de euros (Gasto real 3866 M)

Orzamentos do SERGAS 2014: 3.326 M de euros, 380 millóns de euros menor (-10,5%) que o orzamento de 2010, e 540 M de euros (-16%) que o gasto real nese ano 2010. O orzamento en privatización para 2014 ascende a 1624 M de euros (50% dos orzamentos) e a pesar dos copagos, o gasto en farmacia e material sanitario ascende a 1335 M de euros. Outros 289 millóns se van en concertos e empresas públicas de xestión privada. O orzamento en persoal para 2014 é de 1466 M (14% inferior a 2010) **Queda 5% para todo o demais** (investimentos, funcionamento)

Feijóo pretende levar a cabo os investimentos comprometidos antes das próximas eleccións e non pode tirar indefinidamente dos salarios dos profesionais e dos petos dos cidadáns, así que cede a xestión do SERGAS as empresas privadas vinculadas favorecendo a os seus, pola porta de atrás para non alertar e dar aparencia de normalidade. A poboación descoñece as consecuencias destas decisións, sanitarias e económicas, e o incremento desbocado dos compromisos de gasto presentes e futuros do goberno galego.

Tras rematar a privatización dos servizos non sanitarios, sen reparar na forte vinculación que existe entra e a súa labor e a calidade da asistencia, o principal obxectivo do goberno de Feijóo nos últimos anos é a privatización da asistencia sanitaria, acudindo a chamada colaboración público privada, a “CPP”.

A CPP, según o Consello de Contas, *permite realizar investimentos públicos sen que se vexa afectada a débeda pública, trasladando a orzamentos futuros un volume de cartos que pode ser ilimitado, sen control parlamentario, e polo tanto, moi exposto ao fraude. Para paliar este risco, se aproba un RD (BOE 24 de maio de 2010) que obriga á realización previa dun informe sobre as repercusións orzamentarias deste tipo de proxectos. Feijóo licita o NHV o 10 de maio de 2010, cando xa coñecía a inminencia da publicación deste RD, que o proxecto PFI do NHV nunca superaría. As últimas privatización teñen nomes rocambolescos: socio tecnolóxico, xestión de espazos...seguramente para non ter que dicir CPP e saltarse o informe preceptivo que avale as privatizacións.*

Privatización dos hospitais e dos Servizos sanitarios:

1-NHV CAM e Bankia afúndese e a obra non pode continuar por falta de liquidez, faltan 250 millóns (80% do custe) e o goberno consegue 140 M de diñeiro público (30 M do ICO e 110 M do BEI) e 110 M de novas entidades financeiras rescatadas ou moi beneficiadas cos cartos públicos: Caixabank e NGB, BBVA e o Santander. O NHV será financiado de forma maioritaria, directa ou indirectamente, con diñeiro público, pero a Xunta seguirá pagando durante 20 anos, 46,5 M/ano pola construción (930 M) e 26,5

M/ano pola xestión dos servizos non sanitarios que xa están externalizados, que o SERGAS deberá pagar dobremente (530 M)

Construír o hospital PFI de Vigo costa 310 M de euros pero **supoñerá un custo anual de 175 millóns de euros durante 20 anos** sumados o canon do novo hospital, o de Galaria e o de Povisa, que se manterán artificialmente, de forma innecesaria.

Con estes 3500 M de euros públicos poderíamos financiar o Novo Hospital como xa estaba proxectado e o seu funcionamento durante os 20 anos (107M euros/ano en 2014) funcionamento incluíndo os servizos e gran parte do persoal de Povisa, ao asumir todos os servizos de referencia e dado o maior ratio de persoal cama dos hospitais públicos.

Malia dita asombrosa cifra, que multiplica máis que 10 veces o custo de construción, a poboación do Área Sur non dispoñerá dun hospital de referencia. Este feito supoñerá unha xestión irracional e absurda da asistencia sanitaria pública onde por un lado se fala de “Áreas Integradas” e polo outro se fabrican “reinos de taifas” que dificultan moito a avaliación da asistencia e dos resultados en saúde, ou a articulación de programas comunitarios, e está detrás da “subasta” de pacientes que está ocorrendo actualmente na Sanidade galega. Unha mostra desta irracionalidade é o “Vía Crucis” na asistencia sanitaria de moitos pacientes galegos, que teñen que acudir ata a 9 centros sanitarios diferentes para tratarse de patoloxías comúns.

2-Persistencia da xestión privada da asistencia sanitaria de Galaria S.A. que seguirá facturando millóns de euros de fondos públicos, a pesar de que, segundo o Consello de Contas de Galicia, a súa actividade está sobredimensionada e as súas contas son pouco claras, furtando ao NHV de servizos tan relevantes como a hemodinamia e Ciruxía cardíaca, a Radioterapia e Medicina Nuclear e a Resonancia Magnética.

3-A Xunta e a súa consellería de Sanidade acaban de renovar o concerto co hospital Povisa (do Grupo Nosa Terra) por outra década, fronte as recomendacións do valedor do pobo e do Consello de Contas. **A cápita aprobada para no novo concerto con Povisa é de 540 euros, 108 euros menos que a media** (Táboa I) pero non inclúe, ao contrario que nos hospitais públicos, o diñeiro que Povisa recibe por os servizos nos que é referencia. Ademais Povisa non atende aos pacientes desprazados e carece de moitos servizos relevantes que ten que asumir o CHUVI, sen ningunha merma do canon para o hospital privado, como Ciruxía Torácica, Psiquiatría, obstetricia, tuberculose e outras patoloxías respiratorias, Coidados paliativos e a hospitalización a domicilio dos pacientes do Morrazo.

Por outra parte, a LE de Povisa é de 180 días, o dobre da do CHUVI e 5 veces maior que a do CHOP, así que o novo concerto **poderíamos cualificalo de temerario**, xa que segundo a nova lei de garantías a máxima demora é de 45 días para unha consulta e 60 días para unha IQ, que Povisa non poderá cumprir.

Por outra banda, é difícil explicar a LE de Povisa tendo en conta a súa alta taxa de ciruxía, con 109 IQ/1000 habitantes, 58% máis alta que a media do SERGAS e da enorme afluencia ás súas consultas, 31% maior (sen obstetricia nin psiquiatría que suman de media un 15% do total das consultas dos hospitais) Ante estes datos non podemos obviar que Povisa **compatibiliza a atención dos pacientes do SERGAS coa atención aos seus pacientes privados** co mesmo persoal sanitario e a falta de transparencia do Grupo non permite coñecer os resultados desagregados das distintas memorias asistenciais e económicas nin polo tanto asegurar que o diñeiro público só emprégase para financiar aos pacientes do SERGAS.

Hospital	Área	Orzamento AE 2014 (miles euros)	Cápita
CHUVI	438.181	291.187	665
POVISA	139.000	75.070	540
CHOP+Salnés	300.068	183.530	611
CHUAC	557.000	357.564	642
CHUS	460.000	326.043	708
H A. Marcide Ferrol	193.000	118.744	615
CHOU	331.849	236.369	712
HULA	355.000	247.311	696
Cápita Media 648 euros			

4-Ampliación do hospital do Salnés por 8 M de euros adxudicada á multinacional francesa Cofely-Suez, socia de La Caixa/Adeslas (Hisusa Holding)

5-A Xunta licita por terceira vez, ata que as condicións foron do agrado das empresas concesionarias, a ampliación e xestión privada do CHOU ata o ano 2029. A primeira fase (41 M/223) foi adxudicada a ACS/ Indra /La Caixa.

6-Centros de saúde móbiles de xestión privada para o rural para substituír aos fixos, *xa que temos demasiados en Galicia* segundo o goberno. Aínda non adxudicados pero *xa hai 17 empresas privadas interesadas* segundo Feijóo, que confesa así a súa intención de privatizar a Atención Primaria.

7-Privatización da Alta Tecnoloxía (AT) por 88 millóns de euros coa figura chamada “socio tecnolóxico” de modo que as mesmas empresas que fabrican os equipos (General electric, Siemens e Philips) son os que deciden que equipos comprar e en que hospitais, públicos ou privados, deben situarse (non a RT do HULA nin do NHV e si a dos centros privados, Centro oncolóxico de Galicia (COG) e Galaria.

A privatización da AT supón unha grave perda para o SERGAS e os seus profesionais e un grave prexuízo para os pacientes. Según moitas publicacións, a xestión mercantilista está detrás da utilización inadecuada e da radiación innecesaria. *Un informe de aseguradoras alemáns constata que no ano 2011 operáronse 2 millóns de persoas máis que en 2005 e advirten que este feito está relacionado con a xestión dos centros sanitarios mediante a CPP, que operan en moitos casos só para obter maiores ingresos.* Segundo o Consello de Contas, Galaria fai o dobre de RM que o CHUAC para un Área similar, e moitas son repeticións no mesmo paciente e segundo un estudo da FADSP con datos do MSPSI, **as CCAA con máis de 60% de RM de xestión privada teñen unha taxa 75% superior** de exploracións que a media das restantes CCAA. En Galicia o 70% dos equipos de RM e o 62% dos equipos de RT son de xestión privada. A nosa taxa de RM supera nun 50% a media estatal (táboa 2)

Táboa 2

	Estudios RM/1000 habitantes
España	43
Galicia	65
Increm. taxa Galicia	+51%

E inexplicable polo tanto que o goberno galego deixe a xestión da alta tecnoloxía en mans das empresas fabricantes, que mostran nos pregos a súa interese por instalar en Galicia tecnoloxías moi avanzadas “*que permitirán diagnosticar lesións case invisibles ao ollo humano*” como o TAC de 128 cortes e os Mamógrafos con Tomosíntese, que non só emiten máis radiación ionizante senón que poden perxudicar gravemente a saúde.

Unha revisión publicada polo Centro Nórdico Cochrane en xuño de 2012 conclúe que *por cada muller diagnosticada precozmente de cancro de mama en 2000 mamografías realizadas, outras 10 mulleres serán diagnosticadas e tratadas con cirurxía e/o RT e QT por un cancro de mama inexistente.*

A inversión de 88 M en AT e de todo punto esaxerada. En primeiro lugar porque non hai que incrementar a dotación, que xa é elevada (táboa 3) senón substituír os equipos vellos ou simplemente cambiar o software, unha solución moi axeitada, máis

Datos 2009 MSPSI	Equipos RM/millón hab.	Equipos TAC/millón hab.
España	8,8	14,6
Galicia	11,7 (33 equipos)	17,5
SERGAS+Galaria	15 equipos RM (10+5)	33 equipos TAC
Privado	18 equipos RM	16 equipos TAC

sustentable e tres veces máis barata. Ademais os equipos actualizados ou novos requiren moito menos tempo por paciente, incrementando moito a eficiencia da sala. Publicacións recentes apostan por controlar a utilización das tecnoloxías e comezan a rebaixar o número de sesións de RT para o cancro, non convencemento de que en medicina moitas veces “menos é máis” e xa consideran suficientes 3 semanas en vez de 5 semanas para RT de cancro de mama, o que reduce un 40% a utilización dos equipos para esta patoloxía frecuente. Por outra parte os equipos públicos non están utilizados ao 100% (para deixar espazo no mercado a xestión privada)

Táboa 3

8-Servizos de Protección Radiolóxica tamén en mans de Galaria e General Electric a pesar de que os seus equipos de TAC e de mamografía foron denunciados polos radiólogos estadounidenses debido a radiación excesiva.

9-Privatización da hemodiálise 25,5 millóns de gasto para o SERGAS pola derivación de pacientes a centros privados, a pesar de dispoñer de 14 centros hospitalarios públicos de Galicia. Só o “superdotado” Hospital Xeral de Galicia (CHUS) gasta 10 M de euros en concertos para hemodiálise a pequenos centros privados vinculados.

10-O SERGAS privatiza a esterilización da súa instrumental, que ocupa a 167 profesionais, durante 12 anos por 160 millóns de euros. A xestión mercantilista deste servizo esencial pode supoñer graves riscos para a saúde.

11-Institutos Biomédicos de investigación do SERGAS, principalmente financiados polo SERGAS (7,6 M de euros para 2014) están participados pola IF. O Instituto Biomédico de Vigo está coxestionado pola multinacional farmacéutica Janssen (Johnson & Johnson) o I. Biomédico de Santiago participa do Campus Vida, mediante un convenio entre a Universidade, o SERGAS, a Banca e a Industria Sanitaria privada, que a cambio de pequenas colaboracións controla a investigación e a docencia en materia de saúde, dificultando calquera investigación non acorde cos seus intereses.

12-O centro oncolóxico de Galicia (COG) de xestión privada, presidido por o empresario da multinacional francesa do aluminio Pechiney. Con todo, accede ao rexistro de cancro da poboación, ademais de xestionar ensaios clínicos co obxectivo de probar novos medicamentos para o cancro en pacientes galegos. Este tipo de ensaios tamén se levan a cabo no Hospital san Rafael de A Coruña, vinculado a IF.

13-O golpe definitivo ao I+D+i do Servizo Galego de Saúde e a nova *Lei de Racionalización do Sector público*, que permitirá non só legalizar o patrocinio privado de todos os Servizos do SERGAS, incluíndo os máis sensibles, senón que pretende que sexa a fonte principal de financiamento das actividades e instalacións de dous novos organismos estratéxicos: *A Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios* e a *Axencia Galega de Sangue e Tecidos* furtando definitivamente aos profesionais do SERGAS a docencia e a avaliación das tecnoloxías. Desta forma terán influirán nas Guías de Práctica Clínica e na Información sobre fármacos e tecnoloxías, e dicir sobre a “evidencia científica” ademais da cesión de servizos tan sensibles como as doazóns de sangue, coordinación de transplantes de órganos e o almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas.

14-Para finalizar o desmantelamento do SERGAS Feijóo e Mosquera están organizando a privatización da xestión dos procesos asistenciais e dos profesionais. Para iso, a Xunta pretende converter os Centros de Saúde e os servizos clínicos hospitalarios en empresas con autonomía de xestión, que poderán competir entre si, e aos que a Consellería asignará un orzamento pechado anual que deberán xestionar os propios profesionais, que poderán beneficiarse dos aforros obtidos en persoal, material ou actividade asistencial. Os servizos poderán adquirir *personalidade xurídica propia*, abrindo o camiño á súa xestión privada e á laboralización dos empregados públicos, para o que xa existe respaldo legal, debido a unha modificación do Estatuto Marco aprobada pola Ministra Mato.

E mais privatizacións

15-Servizo de ambulancias adxudicada por **236 millóns de euros por 4 anos** á UTE “Ambulevante” a mesma UTE Levantina á que adxudica Fabra o transporte de ambulancias na Comunidade Valenciana, denunciada pola súa vinculación ao PP.

16- A oxixenoterapia segue xestionada por oximesa (praxair) a cambio de 10 M de euros, a pesar de defraudar ao fisco 146 M de euros, segundo recoñece a propia empresa.

17-Historia Clínica Electrónica (IANUS) e receita Electrónica, adxudicadas a Indra empresa pública privatizada por Aznar e Rato. A decisión da Xunta de estender a HC electrónica a todos os centros sanitarios privados, vinculados a aseguradoras, supón a desprotección de datos moi sensibles da poboación.

18-Telecomunicacións do SERGAS: Adxudicada por 3 anos e 28 millóns de euros a Telefónica, a empresa que recentemente ficha a altos dirixentes do PP e a Rato (200.000 euros) malia a súa imputación no caso Bankia. Actualmente está gobernada por Bankia, La Caixa e BBVA.

19-Teleasistencia nos fogares para “R” Comunicacións, empresa galega vendida por NGB a CVC-Capio, fondo de investimento imputado no fiasco da privatización da sanidade madrileña.

20-A empresa que custodiaba as Historias Clínicas do CHOP cando se queimaron, **“Severiano Servizo Móbil” foi contratada para a loxística**, que antes se realizaba con 200 traballadores propios que se han ter que recolocar, mentres a empresa privada contrata a dedo a outros 156 traballadores, que o SERGAS tamén costeará a través do canon acordado de 88 millóns de euros.

21-Ibérica de Mantemento SA: Empresa zaragozana contratada para realizar o mantemento de equipos sanitarios, que se realizaba con persoal propio, coa conseguinte perda de postos de traballo no SERGAS.

22-Privatización dos servizos non sanitarios que xestionaba Galaria como: os plans

de eficiencia enerxética (o do CHUS adxudicado a CLECE e Gas natural por 50 M de euros para 8 anos) e a **Cita Previa “saúde en Liña”** cedida por Feijóo ao fondo de investimento Netaccede e NGB.

23-Residencias para maiores *Geriatros*, vendidas por NGB ao fondo de investimento Magnum e a o *Grupo Eulen*, cuxa apoderada é a irmá de Feijóo.

24-Limpeza e enerxía: Grupo Norte, vinculado á inmobiliaria en creba Martinsafadesa, cuxa débeda foi unha das causas principais do crack de NGB. Ferrovial, imputada no caso Palau e recentemente condenada pola ínfima calidade das súas construcións e Clece/ACS de Florentino Pérez, vinculada a Indra, nomeada nos papeis de Bárcenas e empresa construtora da nefasta curva do accidente de Angrois.

25-Catering: Empresa Mediterranea-Arturo, do fondo de investimento Portobello (do Santander, BBVA, CAM e Bankia) e de Arturo Fernández, vicepresidente da CEOE, imputado no caso Bankia e acusado de defraudar a facenda e pagar aos seus traballadores con diñeiro negro.

Os conflitos de Interese

Núñez feijóo e o máximo responsable do desmantelamento do SERGAS é da selección de empresas insolventes e incumpridoras, como a UTE do NHV, ademais de ceder a xestión de Servizos públicos a unha empresa coa que ten vínculos familiares.

Rocio Mosquera, Conselleira de Sanidade, blinda o concerto singular de Povisa por outra década e era directiva do Grupo Nosa Terra antes de chegar a Xunta. A súa filla traballa en PWC, empresa multinacional de consultaría que asesora (mediante un informe desaparecido, que costou a Xunta 220.000 euros) a elección da UTE insolvente do NHV. O seu marido foi elixido xefe de servizo de Ciruxía do CHUS sendo Mosquera a Directora Xeral do SERGAS, xefatura que perde recentemente por “desviación de poder” segundo unha sentenza do TSXG

A empresa seleccionada pola Xunta para asesorar a implantación da xestión clínica en Galicia é EFQM, axencia europea cuxa presidenta en España é o responsable de PWC (IBM) a empresa que almacena o maior número de datos sanitarios e non sanitarios a nivel mundial.

Agustín Hernández, o Conselleiro de Infraestructuras e asiduo das portas xiratorias, pasando da empresa constructora do NHV a postos de responsabilidade en obras públicas en múltiples ocasións.

José manuel Romay Beccaría, exconselleiro de sanidade é actual presidente do consello de Estado, cargo que compatibiliza coa pertenza ao consello de Administración da Fundación renal Alvarez de Toledo (FRIAT) segundo a súa páxina WEB, empresa moi vinculada ao PP é concertada para hemodiálise co SERGAS.

Enrique Castellón: ex director xeral do SERGAS con o PP é actualmente vicepresidente da FRIAT.

A farmacéutica galega Zeltia está vinculada ao PP (Ana Palacio e a irmán de Dores Cospedal son directivas de Zeltia) Zeltia comercializa o Yondelis en Europa e está

asociada a CF Johnson & Johnson (Janssen en España) que comercializa o Yondelis en EEUU (desconsellado para o cancro de ovario pola FDA por 14 votos contra 1)
Janssen coxestiona os institutos biomédicos, onde recaba información e inflúe sobre as prioridades da investigación

Isabel Oriol: Presidenta da AECC, propietaria do 72% do COG. Toma a decisión de privatizar os cribados de mama de Madrid e Castilla La Mancha e cederllos a CVC-Capio, fondo de capital risco vinculado ao PP e imputado no fiasco da privatización madrileña. NGB vende a capio a empresa galega de telecomunicacións “R” tamén beneficiada coa privatización do SERGAS.

Galaria SA: empresa pública de xestión privada e opaca, presidida por unha exdirectiva de Deloitte e NGB, é utilizada como paso intermedio para ceder os servizos sanitarios as empresas privadas vinculadas, como “Saúde en Liña”, Xestión enerxética, Control de calidade e Alta tecnoloxía.

Rodrigo Rato: ex ministro en distintos gobernos do PP. Privatiza a empresa INDRA da SEPI cando era ministro de Aznar. Posteriormente Rato (Bankia) pasa a ser o seu principal accionista. Tralo crack de Bankia, Indra tamén é saneada con diñeiro público, pero segue en posesión da xestión privada, millonaria, da Historia Clínica Electrónica e da Receita electrónica no SERGAS e controla os datos sanitarios dos galegos.

As caixas de aforros rescatadas con máis de 50.000 M de euros de cartos públicos: NGB, La Caixa, a CAM e Bankia (Ribera Salud) Son as principais beneficiarias da privatización galega. Coxestionan o NHV, o Grupo Nosa terra, as ampliacións dos hospitais CHOU e Salnés, Saúde en Liña, Cátering, telecomunicacións e Geriatros

O Consello de Administración do Fondo de Investimento **Aforro 2000**, onde están incluídas as empresas do Grupo Nosa Terra (Povisa) está formado por representantes de NGB, La Caixa, a CAM e Bankia, é dicir as **entidades financeiras que forman a UTE do NHV son á súa vez copropietarias do Grupo Nosa Terra**, e poderán xestionar o reparto da sanidade pública viguesa como mais lles conveña, coa colaboración de “saúde en Liña” e da concesionaria das ambulancias “Ambulevante”

As consultoras como colaboradoras necesarias

En Galicia, malia que poucos as coñecen e ninguén as votou, estas consultoras están detrás do crack bancario e do seu rescate financiado con recortes e privatizacións, De esta consultora provén o *ministro de economía Luís de Guindos*, o presidente do *do FROB* e o *secretario de Estado do Ministerio de facenda*, o da amnistía fiscal.

PWC publica tódolos anos un informe sobre “os dez temas candentes da sanidade española” coas recomendacións privatizadoras que Feijóo e Rajoy cumpren ao cento por cento.

PWC selecciona a UTE insolvente do NHV. O presidente do organismo público de crédito ICO, que aproba o préstamo de 30 M de euros para que Acciona poda seguir participando no financiamento “privado” do NHV tamén provén de PWC.

PWC (EFQM) asesora a implantación da xestión clínica en Galicia. E asesora e otorga as acreditacións de calidade nos hospitais do SERGAS e nas universidades Públicas.

Deloitte e PWC asesoraron a fraudulenta fusión de ambas Caixas galegas para formar NGB, que supuxo a perda de 9000 millóns de euros públicos e a cesión dos servizos

públicos que xestionaban a empresas privadas vinculadas. Deloitte non veu ningún problema en Caixa Madrid, na saída a bolsa de Bankia nin nas contas de Bancaja nin do Banco de Valencia, ocultando buracos multimillonarios. Deloitte asesora a creación de Critería, o banco da Caixa que é copropietario de Adeslas. O presidente de Netaccede (Cita Previa) é o exdirectivo de Deloitte Marcelino Otero, ata fai pouco presidente do Club Financeiro de Vigo, tamén auditado por Deloitte, co amparo de Silveira, presidente de Povisa. A empresa auditora de Geriatros é Deloitte e Galaria está presidida por unha directiva que provén de Deloitte. As contas de Povisa ata o ano 2011 as auditaba Deloitte e actualmente BDO, a mesma consultora imputada polo xuíz por falsear as contas de Pescanova, polo que non é descartable que a Xunta ceda a atención hospitalaria de parte da poboación do área de Vigo a unha empresa insolvente ou cun futuro pouco claro, para ser de novo rescatada con fondos públicos tras blindar a súa posición estratéxica no futuro sanitario vigués, como xa pasou coas caixas galegas.

A privatización do SERGAS é antidemocrática, xa que foi decidida unilateralmente polo goberno de Feijóo en contra das recomendacións dos organismos de control e da poboación e está plagada de conflitos de interese. As empresas favorecidas son caixas de aforros rescatadas con cartos públicos, fondos de investimento, constructoras insolventes e grandes empresas sanitarias, tecnolóxicas e de comunicacións vinculadas ao PP, e nas que moitos dos seus directivos están imputados pola xustiza. **A oposición política, as organizacións comunitarias, sindicais e profesionais, os medios de comunicación e a poboación de Galicia saberán conseguir no parlamento, na rúa e nos tribunais de xustiza si é necesario, a paralización deste desmantelamento ilexítimo e seguramente ilegal do noso Servizo Galego de Saúde.**

